## IES AS TELLEIRAS – MATERIAS PENDENTES

## PRESENTACIÓN DA MATERIA

| Materia | Lingua castelá e literatura | Páx | 1 |
|---|---|---|---|
| Curso | Pendentes 2º ESO | | |
| Profesorado responsable | Carmen Lamas Montero | | |

### CONTIDOS (temporalizados por avaliacións)

| 1º EXAME |
|---|
| - **A linguaxe e as linguas:** realidade plurilingüe de España, a variedade dialectal do castelán; os prexuízos estereotipos lingüísticos.<br>- **Comunicación**: os textos expositivos.<br>- **Gramática**: Identificación das categorías gramaticais predominantes nas diferentes tipoloxías textuais: substantivos, adxectivos, pronomes e determinantes. Procedementos de formación de palabras.<br>- **Léxico e Semántica:** valores connotativos e denotativos segundo o contexto e a intención.<br>- **Ortografía**: regras xerais de acentuación. O til diacrítico.<br>- **Educación literaria**: O xénero narrativo. |

| 2º EXAME |
|---|
| - **Comunicación**: Os textos dialogados. O texto e as súas propiedades.<br>- **Gramática**: verbo, adverbio, preposición e conxunción. A oración simple: suxeito e predicado. Modalidades oracionais.<br>- **Léxico e Semántica:** sinonimia, antonimia, polisemia e homonimia.<br>- **Ortografía**: ditongos e tritongos: acentuación.<br>**- Educación literaria**: Comprensión, análise e creación de textos líricos. |

### PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

**A) INSTRUMENTOS:**

| | |
|---|---|
| **FICHAS** | **40%** |
| **EXAME** | **60%** |

**B) CRITERIOS:**

**Fichas:**

O/a profesor/a que imparte clase en 4º ESO entregará fichas coa teoría básica e actividades sobre ela. Unha vez feitas e entregadas, o/a profesor/a as devolverá, corrixidas, explicando os erros cometidos. Avaliarase este traballo sobre 4 puntos.

**Exames:**

Ao longo do curso deberán facer dous exames que puntuarán sobre 6. Nos exames entrará unha parte teórica e unha parte práctica seguindo o modelo das fichas.

Para aprobar a materia por parciais é necesario acadar unha nota igual ou superior a 5 despois de sumar a nota obtida polo traballo coas fichas e a nota do exame.

De non ser así, terán que presentarse a un exame final de toda a materia que se puntuará sobre 10. Para aprobar é necesario acadar unha nota igual ou superior a 5.

A nota final da materia para os que teñan que ir ao exame final será a máis alta: ben a nota media dos parciais ou ben a nota do exame final.

O alumnado que non consiga o aprobado mediante este procedemento terá dereito a unha proba de recuperación na que entrarán todos os contidos do curso. Para aprobar a materia será imprescindible sacar unha nota igual ou superior a 5.